



Grupo Municipal Socialista Bloque Nacionalista Galego Ferrol en Común

MOCIÓN QUE PRESENTAN CONXUNTAMENTE O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO e FERROL EN COMÚN ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), **pola supresión dunha unidade da etapa de primaria no CEIP San Xoán de Filgueira, que se fixo efectiva o pasado 18 de agosto** para a súa consideración, debate e posterior aprobación polo pleno do Concello.

Exposición de motivos

Tal e como se recolle na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE), a educación é un factor fundamental en calquera sociedade, posto que dela dependen o benestar individual e o colectivo. E establece que “a educación é para calquera persoa o medio máis axeitado para desenvolver as súas capacidades, construír a súa personalidade, conformar a súa propia identidade e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica, e para a sociedade é o medio máis idóneo para transmitir e, ao mesmo tempo, renovar a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan, sacar as máximas posibilidades das súas fontes de riqueza, fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo de acadar a necesaria cohesión social”.

E o artigo 71 da mesma lei manifesta expresamente que:

“1. As Administracións educativas disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na Lei

2. Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de

aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en calquera caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado”.

Xa que logo, a educación pública, universal e gratuíta é o instrumento máis eficaz do que dispoñen os sistemas democráticos para garantir o **principio de igualdade de oportunidades** entre a cidadanía dun país, máis a isto hai que garantirlle a calidade se queremos acadar os obxectivos antes mencionados. As competencias en educación foron transferidas á nosa Comunidade Autónoma no ano 1982, sendo a Xunta de Galicia, a través da Consellería con competencias en educación, quen ten a obriga de por a dispor da cidadanía en Galicia o sistema educativo.

O CEIP San Xoán de Filgueira conta con arredor de 100 alumnos e alumnas, que atende aos barrios de San Pablo, San Xoán e O Inferniño. Este centro ten unha área de influencia cunha porcentaxe maior de **familias en risco de exclusión social**, polo que se fai máis necesario, se cabe, apostar por este tipo de centros para que todos os nenos e nenas da cidade podan ter as mesmas oportunidades educativas.

Asemade contan con **alumnado NEAE** na maioría das aulas polo que as metodoloxías empregadas céntranse nas docencias compartidas, sen libros de texto, en contacto directo coa natureza a través das zonas verdes do centro e do horto e granxa, a través de proxectos que permiten adecuar a resposta educativa ao ritmo de aprendizaxe de cada unha das crianzas.

Por outra banda, tamén é importante o número das **familias migrantes** que non teñen nen o español nen o galego como **primeira lingua** e cuxa recepción adoita ser frecuente ao longo do curso o que provoca unha matrícula viva que varía as ratios de alumnado nas aulas ao longo do curso, tanto así que dende a finalización do período ordinario de matrícula (30 de xuño) foron recibidas 9 novas solicitudes de admisión para distintos cursos de infantil e primaria.

Este centro público, ao igual que moitos outros na xeografía galega, leva varios anos soportando **recortes por parte da Consellería de Educación**, como foi a supresión no curso 2020-21 dunha unidade de infantil agrupando alumnado de 3 e 4 anos; seguindo con esta política de recortes, este ano ven de suprimir unha unidade segundo se recolle na *ORDE de 31 de julio de 2023* pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de educación infantil, educación primaria e educación especial, contemplando un único grupo de primeiro e segundo de primaria con 17 alumnos matriculados nese momento.

En conversa telefónica mantida o pasado 17 de xullo co Inspector do centro, se ben informou ao equipo directivo da unión das aulas de 1º e 2º por ter unha matrícula de so 17 nenos e nenas non se falou en ningún momento dunha supresión definitiva, indicando que se dita aula acadaba os 18 matriculados poderían solicitar unha mestra substituta para poder facer efectivo novamente o desdobre do grupo.

Con data de 13 de setembro **fíxose efectiva unha solicitude de matrícula** para o curso de 2º de primaria acadando así as condicións marcadas pola Inspección educativa para manter o desdobre das aulas con 18 alumnos.

Ao mesmo tempo, como consecuencia da supresión desta unidade o Ceip San Xoan pasa a ser considerado coma un centro de 7 unidades perdendo a figura da **Xefatura de Estudos** figura fundamental para levar a cabo a organización pedagóxica, organizativa e de mediación entre os distintos sectores que conforman a Comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias, medida que se fíxo efectiva o 19 de setembro coa chegada da comunicación do cese da mestra nomeada para exercer dito cargo.

Por todo isto, o **Grupo Municipal Socialista**, o **Bloque Nacionalista Galego** e **Ferrol en Común** solicitan do Pleno da Corporación municipal os seguintes acordos:

1. O Pleno do Concello de Ferrol únese ás reclamacións do centro educativo S. Xoan de Filgueira e esixe da consellería celebrar unha **reunión cos grupos políticos municipais e coa comunidade educativa** para revertir a situación que están a padecer.
2. **Habilitar o desdobre** do grupo de 1º e 2º de primaria para poder dar a mellor resposta educativa ás individualidades do alumnado e, ao mesmo tempo, ter a oportunidade de seguir medrando como centro ao manter os grupos con 25 prazas cada un e poder ter a garantía de poder acoller no centro a todas aquelas familias que desexen solicitar praza nel.
3. Nomear un **mestre/a substituta** para o presente curso académico para levar a cabo dito desdobre.
4. **Revogar a decisión de supresión da unidade de primaria** recollida na Orde de 31 de xullo de 2023 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de educación infantil, educación primaria e educación especial.
5. **Revogar a supresión da Xefatura de estudos**, imprescindible pola diversidade do alumnado e familias.